

INFORMACIÓN DAS PRAZAS DE
RESIDENCIA NOS CENTROS
RESIDENCIAIS DOCENTES
(ESTUDOS NON UNIVERSITARIOS)

¿DE QUE ESTAMOS A FALAR?

As residencias escolares prestan un servizo complementario que contribúe eficazmente ao desenvolvemento educativo, pois *facilitan o acceso ao ensino post obrigatorio* ao alumnado que debe escolarizarse en localidades distintas ás do seu domicilio habitual, así como a aquel que, por circunstancias excepcionais, deba utilizar o servizo de residencia como medida para asegurar unha adecuada resposta educativa que non pode recibir nun centro docente da súa residencia habitual.

Os centros residenciais atópanse nas cidades de A Coruña, Vigo e Ourense.

As persoas solicitantes deben:

1. **Estar matriculado/a en estudos post obrigatorios non universitarios** nalgún dos centros docentes indicados no artigo 1 desta orde no curso 2020/21 (centros públicos ou privados concertados situados nos termos municipais da Coruña, Culleredo, Ourense e Vigo).
2. **Non repetir curso.** Excepcionalmente e, no caso de cambio de estudos, non ter abandonado dúas veces estudos iniciados para matricularse noutros estudos distintos.
3. **Non ter sido expulsado/a** no curso anterior dun centro residencial nin estar sometido/a a un procedemento disciplinario en trámite.

4. A persoa solicitante deberá estar matriculada nunha modalidade dun nivel educativo ou nunha familia profesional ou especialidade dun ciclo formativo, que:
- a) Non se imparta en ningún centro sostido con fondos públicos da localidade de residencia habitual da unidade familiar á cal pertenza.
 - b) Tampouco se imparta nunha localidade que, pola súa proximidade á de residencia habitual ou polos medios de comunicación dispoñibles, permita o desprazamento diario con facilidade.

Excepcionalmente, por circunstancias persoais ou familiares moi graves debidamente xustificadas, a comisión de valoración poderá eximir de forma motivada do cumprimento deste requisito, á vista da proposta que efectúe o centro residencial e dos informes que se consideren oportunos.

As persoas que estean en posesión dun título académico dun determinado nivel e modalidade educativa ou dun determinado ciclo formativo non poderán obter praza de residencia para realizar estudos do mesmo nivel ou dun nivel equivalente (agás que unha vez adxudicadas as prazas ás persoas admitidas, seguisen existindo prazas vacantes).

Se, adxudicadas as prazas a todas as persoas admitidas, houbese vacantes, estas poderán ser cubertas con alumnado universitario, tendo que abonar a cantidade de 3.024,07 € podendo fraccionarse en tres prazos.

Se, unha vez adxudicadas as prazas ao alumnado matriculado en estudos postobrigatorios non universitarios no curso académico 2020/21, seguisen existindo prazas vacantes, poderán adxudicarse a alumnado matriculado en formación profesional básica que reúna os demais requisitos previstos nesta orde.

COMPATIBILIDADE COA BOLSA DO MEEP

A condición de persoa adxudicataria de praza de residencia gratuíta é compatible coas axudas da convocatoria xeral de bolsas e axudas ao estudo, agás aquelas que teñan como compoñente o pagamento de gastos de comedor e/ou residencia escolar.

A obtención de praza de residencia non gratuíta é compatible coas indicadas axudas, sempre que o importe da axuda destinado a gastos de comedor e/ou residencia escolar non supere a cantidade que ten que aboar.

PRAZO ORDINARIO

Para os solicitantes matriculados en BACHARELATO, entre o 10 de xuño e o 10 de xullo de 2020.

Para os solicitantes matriculados en CICLOS FORMATIVOS, entre o 10 de xuño e o 3 de agosto de 2020.

Publicación da listaxe provisional: o 28 de agosto de 2020.

Prazo para formular a reclamación: ata 5 días hábiles despois da publicación da listaxe.

Publicación da listaxe definitiva e da adxudicación de praza: O 14 de setembro de 2020.

Onde consultalo: Páxina web da Consellería (edu.xunta.gal), taboleiros e páxina web dos respectivos CRDs.

PRAZO EXTRAORDINARIO

PRAZO EXTRAORDINARIO: Cando feita a adxudicación de prazas no período ordinario existan no respectivo centro residencial prazas vacantes, abrirá un prazo de presentación de solicitudes do 15 ao 22 de setembro de 2020.

Publicación da listaxe provisional: 29 de setembro 2020.

Prazo para formular reclamación: Ata o 2 de outubro de 2020.

Publicación da listaxe definitiva e da adxudicación de praza: 8 de outubro de 2020.

Onde consultalo: Páxina web da Consellería (edu.xunta.gal), taboleiros e páxina web dos respectivos CRDs.

A praza adxudicada pode ser gratuíta ou bonificada, en función da renda, consultar os requisitos específicos na [orde da convocatoria](#).

Adxudicación de praza de residencia gratuíta:

1. Cando a renda da unidade familiar sexa igual ou inferior ao limiar 2 que se pode consultar no seguinte [enlace](#).
2. Cando se trate de alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

Adxudicación de praza bonificada: cando a renda da unidade familiar sexa superior ao limiar 2, a persoa adxudicataria deberá aboar anualmente as seguintes cantidades:

- a) Ata un 10 %: 565,87 €
- b) Máis do 10 % e ata un 20 %: 867,74 €
- c) Máis do 20 % e ata un 30 %: 1.392,95 €
- d) Máis do 30 %: 2.066,75 €

O pagamento desta cantidade poderá fraccionarse ata un máximo de 3 prazos trimestrais, que deberán facerse efectivos antes do inicio do respectivo trimestre.

[CONVOCATORIA con toda a información e os impresos de solicitude](#): Orde do 29 de maio de 2020 pola que se convocan prazas de residencia nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo para realizar estudos postobrigatorios non universitarios no curso 2020/21.

[Información na web da Consellería.](#)

[CRD A Coruña](#)

[CRD Vigo](#)

[CRD Ourense](#)

[Folleto informativo](#)